



CONCELLO DE BARBADÁS

REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL

O Concello de Barbadás acredita que na participación dos veciños e veciñas na vida política e na xestión municipal é a única vía para construír un concello verdadeiramente democrático e ao servizo do pobo

Entendemos que só un funcionamento baseado na transparencia, na posta a disposición da veciñanza de toda a información e favorecer a máxima integración dose das veciñas e das entidades e asociacións que estas constitúan así como os eu protagonismo e control na toma de decisión é o mellor antídoto contra a incondicionalidade e as prácticas desviadas.

Partindo da certeza de que un funcionamento democrático non pode reducirse ao exercicio do voto cada catro anos, o concello de Barbadás a través deste Regulamento de Participación Veciñal pretende establecer un serie de mecanismos e instrumentos eficaces para a información, control e sobre todo participación na toma de decisión por parte dos e das veciñas garantindo a súa incorporación á xestión municipal.

No presente Regulamento establécense ademais dos mecanismos formais, elementos que garanten que a participación e a transparencia non son apéndice da vida política municipal, senón que as converten en materias centrais e transversais de toda a actuación e xestión dos e das servidoras públicas.

Título PRELIMINAR

Artigo 1.- O obxecto deste Regulamento é o establecemento das formas, medios e procedementos de información e participación dos e das veciñas e das entidades e asociacións na xestión municipal do Concello de Barbadás, de conformidade coa lexislación vixente.

Artigo 2.- O Concello de Barbadás, a través do presente Regulamento pretende cumprir os seguintes obxectivos:

- Establecer as formas, medios e procedementos de información e participación dos e das veciñas e entidades cidadás na xestión municipal, de conformidade co ordenamento xurídico vixente.
- Facilitar a máis ampla información sobre as súas actividades, obras e servizos e, en xeral, sobre a xestión municipal.
- Fomentar a participación veciñal na xestión municipal, na vida pública e na toma de decisións por parte do Concello.





CONCELLO DE BARBADÁS

• Facilitar e promover a iniciativa e a participación dos e das veciñas e entidades e asociacións na xestión municipal, sen menoscabo das competencias legalmente atribuídas ós órganos municipais, e facer efectivos os dereitos á información e participación dos cidadáns que establece a normativa legal vixente.

- Fomentar o asociacionismo
- Crear os órganos e mecanismos que garanten o dereito de consulta dos veciños conforme ao establecido no artigo 70.3 da LBRL

Título I.- O DEREITO Á INFORMACIÓN.

Capítulo I.- Da información aos e ás veciñas.

Artigo 3.- Os dereitos dos e das veciñas nas súas relacións co Concello serán os contidos na Constitución e nos artigos 35 da Lei 30/92, 252.2 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, e demais normativa de aplicación.

Terán a consideración de veciños e veciñas todas as persoas con veciñanza legal no Concello de Barbadás e que figuren inscritas no padrón municipal.

Artigo 4.- O Concello asume a obriga de elaborar información detallada, comprensíbel por todas as persoas, e facilmente accesíbel, relativa ás diferentes facetas da súa actuación e, especialmente, ao funcionamento dos servizos municipais.

Artigo 5.- A divulgación das actuacións municipais terá unha especial difusión cando se trate de asuntos de transcendencia, relevancia ou interese público.

Capítulo II.- A Oficina de Información e Atención Cidadá.

Artigo 6.- Para dar resposta correcta e eficaz ás demandas da veciñanza, no Concello, existirá un dispositivo de Información e Atención Cidadá coas seguintes funcións:

- a) Realizar a primeira atención aos veciños e veciñas co obxecto de canalizar as solicitudes de información así como facilitarlles a orientación e axuda que precisen no comezo dos procedementos.
- b) Informar acerca dos fins, competencias e funcionamento dos distintos órganos e servizos que comprende o Concello. Así mesmo, ofrecer aclaracións e axudas de índole práctica que as persoas requiran sobre procedementos e trámites administrativos para os proxectos, actuacións ou solicitudes que se pretendan realizar.

- Recepción oral de suxestións.





CONCELLO DE BARBADÁS

- Informar acerca dos servizos e competencias doutras Administracións Públicas.
- Facilitar modelos de solicitude, pregos de contratación, bases, etc e orientar sobre as tramitacións correspondentes.
- Realizar as xestións oportunas para que as solicitudes de información sexan resoltas no prazo máis breve posíbel que non poderá exceder dos 30 días naturais.
- Canalizar as actividades de publicidade ás que se refire o artigo 230 do Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Artigo 7.- O Concello dará a máxima difusión das convocatorias e Ordes do Día dos Plenos, Comisións Informativas e Xunta de Goberno Local.

Artigo 8.- Serán obxecto de especial tratamento informativo e divulgativo os grandes temas municipais, como os presupostos anuais, a creación e modificación das ordenanzas fiscais, plans de urbanismo, programas sociais, culturais, de saúde e outros que considere conveniente o Concello.

Capítulo III.- Os medios de comunicación locais.

Artigo 9.- O Concello potenciará os medios de comunicación municipais e propiciará o acceso de todas as persoas e das Entidades Asociacións e de Participación Veciñal.

Artigo 10.- O Concello fomentará o uso das novas tecnoloxías da información e a comunicación; a paxina Web do Concello permitirá:

- Facilitar ao máximo as xestións coa Administración Local.
- Mellorar a transparencia da Administración Local incorporando á rede toda información de carácter público que se xere. O Concello incluírá na web os documentos pertinentes sobre a situación actual dos servizos municipais e a súa evolución no tempo.
- Potenciar a relación entre as Administracións a través de redes telemáticas para beneficio dos e das veciñas.
- Posibilitar a realización de trámites administrativos municipais.
- Facilitar á poboación o coñecemento da rede asociativa local.
- Establecemento, a través das novas tecnoloxías (telefonía móbil, internet...), dunha “Rede de Alertas” de emerxencia para manter contacto directo ao Concello coa cidadanía.

Artigo 11.- O Concello fomentará o emprego da sinatura electrónica, dentro do proceso de modernización das Administracións Públicas e o seu achegamento progresivo e continuo aos e ás veciñas.





Título II.- O DEREITO Á PARTICIPACIÓN

Capítulo I.- O dereito de petición

Artigo 12.- Todas as persoas poderán exercer o dereito de petición, nos termos establecidos na Lei Orgánica 4/2001 de 12 de novembro, ou norma legal que a substitúa.

Capítulo II.- O dereito de Iniciativa Popular e Iniciativa Veciñal

Artigo 13.- Calquera veciño ou veciña, Asociación ou entidade ten dereito á presentar iniciativas e propostas de actuación municipais convenientemente xustificadas. Cando as solicitudes vaian avaladas por máis do 5% do censo (mediante sinaturas identificadas e D.N.I) serán obrigatoriamente discutidas no Pleno Municipal sempre que se refiran a asuntos de competencia municipal, sen prexuízo de que sexan resoltas polo órgano competente por razón da materia. En todo caso requirirase o previo informe de legalidade da Secretaría do Concello así como o informe da Intervención cando a iniciativa afecte a dereitos e obrigas de contido económico do Concello.

Artigo 14.- A Iniciativa Veciñal pode incorporar unha proposta de consulta popular local, que será tramitada en tal caso polo procedemento e cos requisitos previstos no Capítulo III deste Título.

Artigo 15.- Enténdese por Iniciativa Veciñal, a forma de participación mediante a cal os cidadáns, as Entidades e as Asociacións, propoñen ó Concello que leve a cabo unha determinada actuación ou actividade de competencia municipal de interese público e aporten medios económicos, bens, dereitos ou traballo persoal para acadalo.

Artigo 16.- A Iniciativa Veciñal deberase presentar por escrito e deberán figurar os datos de identificación de quen realice a proposta, ou no seu caso, a entidade, asociación ou colectivo que represente. Cando o Concello reciba a iniciativa, someterase a información pública durante un prazo de trinta días, prazo no que deberá someterse a ditame da Comisión Municipal de Participación Veciñal.

Artigo 17.- O Pleno deberá decidir sobre a Iniciativa Veciñal no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte da finalización da exposición pública. A decisión terá en conta principalmente o interese público da iniciativa. Antes da toma da decisión correspondente, o concello poderá solicitar aclaracións complementarias á persoa ou colectivo que fixo a proposta.

Artigo 18.- En caso de que o Pleno do Concello aprobe a Iniciativa Veciñal, fará pública a forma e o calendario con que se levará a cabo, e destinará no seu caso a partida económica correspondente.





Capítulo III.- A consulta popular

Artigo 19.- O Concello, de acordo co artigo 71 da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, e co artigo 257 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, previo acordo do Pleno, por maioría absoluta, poderá someter a consulta popular os asuntos da competencia propia municipal e de carácter local que sexan especialmente relevantes para os intereses dos veciños e veciñas excepto os relativos á Facenda Local.

As consultas, agás en supostos de máxima urxencia, realizaranse nun máximo de dúas convocatorias anuais, sendo sometidas a consideración todas as que se presentasen desde a anterior consulta até o momento da nova convocatoria.

Artigo 20.- O resultado da consulta popular deberase someter á consideración do Pleno no prazo máximo de dous meses despois de realizado o referendo.

Capítulo IV.- Da participación nos órganos municipais

Artigo 21.- Da publicidade das sesións.

- As sesións do pleno son públicas, agás nos supostos contemplados no artigo 70.1 da Lei 7/1985.
- Non teñen carácter público as sesións da Xunta de Goberno Local e das Comisións Informativas.
- Os e as veciñas, colectivos interesados ou asociacións poderán intervir nas comisións municipais sempre que o soliciten previamente ou sexan convidados pola presidencia da Comisión. Tamén poderán ser convidados ás sesións da Xunta de Goberno Local.

Artigo 22.- Calquera entidade que figure inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións poderá manifestar a súa opinión por medio dun/ha representante no debate dalgún punto da orde do día do Pleno Municipal, sempre que o solicite da Alcaldía con, polo menos, 24 horas de antelación ao comezo da sesión. A intervención, cun tempo máximo de dez minutos, será previa á lectura, debate e votación do punto da orde do día.

Artigo 23.- Todas as persoas físicas ou xurídicas teñen dereito a intervir nas sesións ordinarias do Pleno, de acordo coas prescricións seguintes:

- A intervención terá que ser solicitada á Alcaldía por escrito cunha antelación mínima de 1 día hábil previo á realización da sesión, por medio de escrito debidamente motivado.



CONCELLO DE BARBADÁS

O número máximo de intervencións en cada sesión será de dúas elixidas por orde de entrada no rexistro.

- A intervención deberá referirse a asuntos de competencia municipal.
- A persoa solicitante disporá de dez minutos para facer a súa intervención despois de finalizada a orde do día sesión. Poderá ser contestada polo Alcalde ou concelleiro/a competente

Artigo 24.- Cando o Pleno do Concello trate dos asuntos sobre os que se teña articulado unha iniciativa popular, comportará automaticamente o dereito de intervención na sesión plenaria do representante dos proponentes, sexa cal sexa o carácter desta, e sen a limitación temporal establecida no apartado d) do artigo anterior.

Artigo 25.- Poderán participar nos Plenos, nos termos establecidos no artigo 22 deste Regulamento, os Órganos de Participación Veciñal definidos no Título IV deste Regulamento.

Título III.- ENTIDADES E ASOCIACIÓNS

Capítulo I.- Do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA)

Artigo 26.- Poderán ser inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións todas aquelas entidades e asociacións sen afán de lucro legalmente constituídas consonte a Lei Orgánica 1/2002 reguladora do dereito a asociación, de funcionamento democrático que teñan como obxectivos a defensa, o fomento ou a mellora dos intereses dos e das veciñas do municipio e, en particular, as asociacións de veciños, de pais e nais do alumnado, de defensa da igualdade, do medio ambiente, as entidades culturais, deportivas, recreativas, xuvenís, sindicais, empresariais, profesionais e outras similares, que o seu ámbito de actuación comprenda en todo caso o termo municipal ou parte deste e teñan nel a súa sede social.

Artigo 27.- A inscrición no RMA será requisito imprescindible para o pleno exercicio dos dereitos recoñecidos ás asociacións e entidades neste Regulamento.

Artigo 28.- O Rexistro estará a cargo da concellaría de Participación Veciñal e os seus datos serán públicos. As solicitudes de inscrición deberán presentarse polas entidades interesadas no Rexistro do Concello e deberá achegárselle a seguinte documentación:

- 1.- Os Estatutos da Entidade.
- 2.- Número de inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións e noutros rexistros públicos.
- 3.- Datos de identificación das persoas que ocupan cargos directivos.
- 4.- Domicilio Social e cédula de identificación fiscal.





CONCELLO DE BARBADÁS

5.- Presuposto do ano en curso.

6.- Programa de actividades do ano en curso. 7.-

Certificación do número de socios.

Artigo 29.- No prazo de 15 días dende a solicitude de inscrición, agás que este se interrompa pola necesidade de achegar documentación non incluída ou emendar erros, o Concello notificará á entidade o seu número de inscrición e a partir dese momento considérase de alta a todos os efectos.

Artigo 30.- As Asociacións inscritas están obrigadas a manter os seus datos actualizados, notificando cantas modificacións se produzan no prazo dun mes. O presuposto, o balance económico e de actividades do ano anterior, debidamente xustificadas, e o programa anual de actividades comunicarase durante o primeiro trimestre de cada ano

Artigo 31.- Serán causa da cancelación da inscrición:

- A disolución da asociación por calquera causa.
- A falta de actividade durante un ano.
- O incumprimento das obrigas contempladas nos artigos anteriores
- A perda dalgunha das condicións para ser inscrita.

Capítulo II.- Dos dereitos das entidades rexistradas

Artigo 32.- As Entidades e Asociacións terán dereito a:

- Recibir información directa sobre os asuntos que sexan do seu interese.
- Facer propostas sobre os asuntos que afecten aos seus intereses e aos dos seus e súas representadas, no ámbito de competencia municipal
- Formar parte dos órganos de participación cidadá, de acordo co disposto no presente Regulamento.
- Facer uso dos medios públicos municipais, especialmente dos locais sociais e parroquiais, páxina web do Concello, boletíns, etc, nas condicións que determine a Administración Municipal
- Participar na asignación de medios e distribución de axudas. O Presuposto municipal incluírá unha partida destinada especificamente ó fomento do Asociacionismo. Nas bases de execución dos presupostos, así como no Regulamento de subvencións explicitaranse os criterios obxectivos de distribución de axudas ás entidades, que deberán ser xustificadas
- Inscribirse no Rexistro Municipal de Asociacións

Artigo 33.- Anualmente elaborárase e actualízase un informe que terá carácter público de Entidades e Asociacións que incluírá, ademais dos datos xerais das entidades, as subvencións municipais que





CONCELLO DE BARBADÁS

recibisen e o seu destino. Este arquivo remitirase a todas entidades e asociacións do Rexistro que o soliciten.

Artigo 34.- Para acadar que as asociacións poidan desenvolver as súas actividades con plenas garantías, o Concello colaborará en:

- Programas de formación e capacitación na xestión, na dinamización e no pulo do movemento asociativo.
- Asesoramento, a diferentes niveis de participación e xestión.
- Achega de recursos para promover a realización das súas actividades.

Título IV.- OS ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL

Capítulo I. O Consello Municipal de Participación Veciñal

Artigo 35.- O Consello de Participación Veciñal (C.P.V) é un órgano de participación, información, seguimento, control e proposta de xestión municipal, referida aos distintos ámbitos de actuación nos que o Concello ten competencia.

Artigo 36.- O Consello de Participación Veciñal estará integrado polas seguintes persoas

- Presidencia: Concelleiro/a con competencia en Participación Veciñal
- Unha persoa en representación de cada Grupo municipal con representación no concello
- Secretario/a da Corporación ou persoa en quen delegue
- Un representante de cada unha das entidades inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións
- Un máximo de 15 persoas en representación dos e das veciñas non organizadas
- Unha Vicepresidencia elixida de entre os e as veciñas membros do CPV

Para axilizar o seu funcionamento, este Consello poderá, en caso de decisión adoptada pola maioría absoluta dos seus membros constituír unha Comisión de Xestión.

Artigo 37.- A elección das persoas en representación dos e das veciñas non organizadas realizarase en sorteo público entre as persoas que manifesten o seu interese en participar, establecendo as medidas necesarias para respectar a paridade de xénero.

A convocatoria para esta elección será pública e obxecto da máxima difusión.

Artigo 38.- Serán facultades do CPV, ademais das que poida atribuírle a lexislación vixente en cada momento, as seguintes:





CONCELLO DE BARBADÁS

- Presentar iniciativas, propostas ou suxestións ao Concello para seren discutidas nos órganos colexiados municipais, así como colaborar nos estudos e na elaboración de programas e proxectos e facer un seguimento dos órganos municipais, empresas públicas ou privadas prestadoras de servizos.
- Discutir o programa anual de actuación, e estudar o orzamento anual.
- Ser informado dos ditames aprobados polas Comisións Municipais, dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local, Alcaldía e Pleno, respecto daqueles temas de interese, facilitándosele ademais o acceso aos expedientes correspondentes.
- Ser consultado e emitir informe no caso en que os órganos municipais debatan e aproben asuntos de especial importancia.
- Participar na xestión dos Centros e instalacións municipais mediante representantes elixidos entre os membros do movemento asociativo.

Artigo 39.- O Consello celebrará un mínimo de 2 reunións anuais. Será ordinariamente convocado pola Presidencia, a iniciativa propia ou por solicitude dun terzo dos e das súas integrantes.

Artigo 40.- Considerarase constituído en primeira convocatoria cando estean presentes a metade dos e das membros, e en segunda convocatoria calquera que sexa o número de asistentes. O CPV adoptará os seus acordos por maioría absoluta.

Artigo 41 .- Cando algún /ha membro do Consello non acuda por 3 veces consecutivas, sen causa xustificada, será substituído/a da súa responsabilidade.

Capítulo II.- Os Consellos Sectoriais ou de Área

Artigo 42.- Os Consellos Sectoriais son órganos de participación, información e proposta da xestión municipal, referida aos distintos sectores de actuación nos que o Concello ten competencia.

Artigo 43.- Poderán constituíse Consellos Sectoriais referidos ás diferentes áreas de actuación de competencia municipal. Existirán cando menos os referidos a Cultura, Igualdade, Mocidade, Educación, Deportes, Sanidade e Medio Ambiente. O Pleno do Concello poderá acordar, por iniciativa propia ou a petición de colectivos sociais, a constitución de Consellos relacionados con outras temáticas.

Artigo 44.- Serán facultades de cada Consello Sectorial, ademais das que poida atribuírle a lexislación vixente en cada momento, as seguintes:





CONCELLO DE BARBADÁS

- Presentar iniciativas, propostas ou suxestións ao Concello para seren discutidas nos órganos colexiados municipais, así como colaborar nos estudos e na elaboración de programas e proxectos e facer un seguimento dos órganos municipais, relativas ao seu ámbito competencial
- Discutir o programa anual de actuación, e estudar o orzamento anual, nas materias da súa competencia
- Ser informado dos ditames aprobados polas Comisións Municipais, dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local, Alcaldía e Pleno, respecto daqueles temas do seu interese, facilitándosele ademais o acceso aos expedientes correspondentes.
- Ser consultado e emitir informe no caso en que os órganos municipais debatan e aproben asuntos relativos ás competencias sectoriais que representa
- Participar na xestión dos Centros e instalacións municipais mediante representantes elixidos entre os membros do movemento asociativo dentro do seu ámbito sectorial

Artigo 45.- Estarán compostos polas seguintes persoas:

- Presidencia, concelleiro/a titular das competencias sectoriais obxecto do Consello do que se trate
- Unha persoa nomeada por cada grupo municipal con representación no concello
- Unha persoa en representación das entidades e asociacións sectoriais rexistradas no concello
- 15 persoas elixidas pola veciñanza
- De entre as persoas representativas da veciñanza escollerase un/ha Vicepresidencia e un/ha Secretaría

A elección das persoas veciñas integrantes destes Consellos realizarase consonte o establecido no artigo 37 deste Regulamento coas seguintes particularidades:

- No caso do Consello Municipal da Mocidade os e as súas integrantes serán veciñas comprendidas entre os 14 e 35 anos que serán as que teñen tamén dereito a participar na súa elección.
- No caso do Consello Municipal de Mulleres as súas integrantes e as que teñen dereito a participar na elección serán as veciñas do concello.

Artigo 46.- Os Consellos Sectoriais reuniranse con carácter ordinario unha vez cada trimestre convocados pola súa Presidencia ou cando o estimen necesario, para o cumprimento dos seus obxectivos, a Presidencia ou a terceira parte dos seus membros.





CONCELLO DE BARBADÁS

Capítulo III.- Os Consellos Parroquiais

Artigo 47.- Os Consellos Parroquiais son órganos desconcentrados de participación, consulta, información, control e propostas da xestión municipal, carentes de personalidade xurídica propia, que permiten e impulsan a nivel parroquial a participación de veciños, colectivos e entidades.

Artigo 48.- Constituirase un Consello Parroquial en cada unha das parroquias do Concello.

Artigo 49.- Cada Consello Parroquial estará composto por:

- Presidencia: Concelleiro/a a con competencias en Participación Veciñal
- Conselleiro Parroquial: un veciño ou veciña da parroquia.
- Vocais:

c.1.- Un veciño ou veciña da parroquia designada por cada grupo municipal

c.2.- Un representante de cada unha das entidades de participación cidadá inscritas no Rexistro Municipal, que teña como ámbito de actuación a parroquia e domicilio social na mesma.

c.3. -Un representante de cada núcleo ou agrupación de núcleos

c.4.- 10 veciños ou veciñas elixidos pola Asemblea Parroquial

d) Secretario do Consello Parroquial e o substituto do mesmo, elixidos por maioría entre os membros do propio Consello

Artigo 50.- O/a Conselleiro/a Parroquial é o representante do Concello de Barbadás na parroquia. Será nomeado polo Alcalde de Barbadás, a proposta da Asemblea Parroquial.

Artigo 51.- A duración dos cargos coincidirá coa do período que vai entre dúas eleccións municipais, renovándose dentro dos seis meses seguintes ás últimas eleccións.

Artigo 52.- En todo caso, a Asemblea Parroquial poderá revocar calquera dos membros do Consello Parroquial que foron elixidos pola mesma, procedendo á elección doutra persoa no seu lugar.

Artigo 53.- Os Consellos Parroquiais reuniranse en sesión ordinaria unha vez cada catro meses, ou cando o estimen necesario, para o cumprimento dos seus obxectivos, a Presidencia, o Conselleiro/a Parroquial, ou a terceira parte dos seus membros.

Artigo 54.- Compete á Presidencia do CP , á proposta dos promotores, a convocatoria e elaboración da Orden do día das sesións, das que se levantará acta polo Secretario do Consello Parroquial.

Artigo 55.- A convocatoria, á que se lle dará a necesaria publicidade, para que os veciños poidan presentar solicitudes e propostas, farase polo menos con oito días de antelación, salvo que a urxencia do asunto a tratar aconsellase reducir este prazo, que en ningún caso poderá ser inferior a tres días. A xustificación da redución do prazo acompañará á convocatoria.





CONCELLO DE BARBADÁS

Capítulo IV.- As Asembleas Parroquiais

Artigo 56.- A Asemblea Parroquial estará constituída por todos os veciños e veciñas da parroquia maiores de dezaseis anos e que dispoñen de dereito de sufraxio activo con capacidade de obrar.

Artigo 57.- A Asemblea Parroquial convócase pola persoa titular da Concellaría de Participación Veciñal. Reunirase ordinariamente como mínimo unha vez ao ano e extraordinariamente cando así o decida a Concellaría de Participación Veciñal, ou a proposta do Consello Parroquial, ou a iniciativa dos veciños que xunten o 10% de sinaturas acreditadas do padrón parroquial. Estará validamente constituída, en primeira convocatoria, coa asistencia dun terzo dos seu compoñentes, e cos presentes, en segunda convocatoria.

Artigo 58.- A Asemblea Parroquial estará presida polo Presidente do Consello Parroquial, actuando como secretario o membro que se decida na constitución da mesma.

Artigo 59.- Son funcións da Asemblea Parroquial:

- A proposta de nomeamento ou cese do/a Conselleiro/a Parroquial, dos e das vocais dos núcleos de poboación
- Recibir información sobre a xestión municipal e sobre os proxectos levados a cabo polo Concello ou facer suxestións ou propostas ó Consello Parroquial para que llas traslade ó Concello.

Disposición Transitoria Primeira

No prazo máximo de tres meses desde a entrada en vigor deste regulamento, o a concelleira con competencias en Participación veciñal realizará as xestións para a constitución do Consello Municipal de Participación Veciñal.

En idéntico prazo convocará as Asembleas Parroquiais para a elección e proposta de nomeamento dos membros dos Consellos Parroquiais.

No prazo máximo de un mes desde a elección, constituiranse os Consellos Parroquiais. Os e as concelleiras delegadas disporán de idéntico prazo de tres meses para xestionar a constitución dos Consellos Sectoriais previsto no presente Regulamento

Disposición Transitoria Segunda

Aprobado este Regulamento iniciaranse, nun prazo de 15 días, os trámites para a elaboración do Rexistro Municipal de Asociacións.





CONCELLO DE BARBADÁS

En tanto non se remate a súa actualización e para os efectos do cumprimento da Disposición Transitoria Primeira utilizaranse os datos existentes no actual rexistro.

Disposición Final

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación integramente no Boletín Oficial da Provincia.

